

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA
CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DUN “*ESTUDO DE INVESTIGACIÓN
SOBRE O MARCO XURÍDICO DOS SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA, O SEU
DESENVOLVEMENTO E MELLORA*”**

En Santiago de Compostela, **01 SET. 2017**

REUNIDOS



Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, a Universidade da Coruña, actuando en nome e representación da mesma o Sr. Don Julio Abalde Alonso, Rector Magnífico da Universidade da Coruña, de acordo coas competencias que lle otorga o artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de Universidades, e o Decreto 201/2002, do 13 de xuño, da Xunta de Galicia.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución Española recolle no artigo 9.2 as bases dun novo modelo de estado social, no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que creen as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

De acordo co anterior, o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, atribúe como competencia exclusiva á Comunidade Autónoma galega, o desenvolvemento das actuacións dentro do ámbito social.



A exposición de motivos da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia sinala que *“(…), o Goberno galego impulsa esta lei, unha norma que non lle vira as costas á nosa realidade social, senón que contribúe á construción dun auténtico sistema galego de benestar feito por e para a sociedade galega. Xa desde o seu comezo, a elaboración desta lei é o froito dun proceso dinámico de debate aberto e de participación pública. Este proceso iniciouse partindo dun documento previo de bases para a reforma –elaborado por un equipo multidisciplinar–, no que se facían explícitos os principios inspiradores do cambio legal, así como o alcance da reforma e os contidos que se propoñían na configuración do sistema de servizos sociais de Galicia”*.

Case 10 anos despois da entrada en vigor da Lei, semella preciso realizar unha análise da súa aplicación e da posible e necesaria mellora de acordo coas novidades que se produciron e fundamentalmente coa aprendizaxe adquirida na aplicación das medidas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 20. 1. a) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura

orgánica da Consellería de Política Social, “Dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia”.

Todo o anterior sen prexuízo das competencias que teñen atribuídas as restantes dirección xerais da Consellería e que serán precisas para o cumprimento completo do obxecto do presente convenio.

Terceiro.- A Universidade da Coruña é unha institución de servizo público, aberta a sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seno da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a UDC manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais e impulsarán a celebracións de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados.

Cuarto.- Para que as actividades de investigación, promoción e formación do sector de servizos sociais e da dependencia teñan unha maior repercusión en Galicia, que producirá un efecto positivo no dito eido, é preciso o apoio institucional e económico.

Quinto.- Aos efectos de acreditar a imposibilidade de promover a concorrência, e tal e como se desenvolve na memoria adxunta ao convenio, a Consellería de Política Social valorou a experiencia acreditada da Universidade da Coruña na realización traballo na materia de dependencia así como a existencia de estudos propios da universidade no eido obxecto do presente convenio tales como o Mestrado en Dirección de Servizos Sociais e Atención á Dependencia, o Mestrado universitario en políticas sociais e intervención sociocomunitaria, Mestrado en Intervención e Coidado Familiar, o Mestrado en Valoración e Intervención en Xerontoloxía e Xeriatria.

O anterior supón a dotación de recursos precisa para que coa axeitada coordinación



dun grupo de investigación con solvencia do Departamento de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito poida obterse o axeitado cumprimento do obxecto do convenio.

Sexto.- Ambas as dúas partes consideran prioritario promover un novo marco normativo no ámbito dos Servizos Sociais, e especialmente no eido da aplicación das medidas previstas pola Lei 39/2006, de 14 de decembro.

Para a súa execución, é preciso contar cun equipo de profesionais con suficiente formación e experiencia, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía comúns.



Séptimo.- En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência de ofertas e de formalizar un contrato administrativo.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes, reconócécese capacidade para comprometerse, en virtude do presente convenio de colaboración, con arreglo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña para a realización dun proxecto de investigación sobre o actual marco regulador dos servizos e prestacións no ámbito dos Servizos Sociais, e especialmente no eido da aplicación das medidas previstas pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, coa finalidade de mellorar os procedementos actualmente vixentes, desenvolver o sistema de asistencia social e as medidas a adoptar para concretar o abano de posibilidades existentes dentro do marco social, xurídico e económico no que nos atopamos actualmente.



En concreto a Universidade realizará unha investigación sobre a configuración e aplicación do marco xurídico dos servizos sociais en Galicia. A análise realizada con este traballo permitirá, a través das súas propias conclusións e a confrontación coa situación doutras comunidades autónomas, formular uns resultados que axuden a despregar as posibilidades dos servizos sociais como servizos públicos, perfeccionar e concretar a configuración das prestacións sociais (libranzas, servizos,...) e propoñer os procedementos e a formación precisa para dar o mellor cumprimento posible ós dereitos dos beneficiarios do sistema.

Para a súa execución, é preciso contar cun equipo de profesionais con suficiente formación e experiencia, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía común, que será seleccionado, formado e supervisado pola Universidade sobre a base de criterios obxectivos ligados ao obxecto do convenio.



SEGUNDA.- Xustificación da imposibilidade de promover a concorrencia e grupo de investigación

*O obxecto do presente convenio, o estudo e análise da situación e contexto xurídico dos servizos sociais en Galicia con unha especial referencia á aplicación das medidas previstas pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, e a obtención de conclusións para adoptar medidas para a súa mellora, esixiu para a Consellería de Política Social valorar a preparación na área de Servizos Sociais, e máis en particular **nas áreas de dependencia, accesibilidade e dereitos fundamentais sociais**, tal e como se reflicte na memoria que acompaña ao presente convenio, e valorar a capacidade das distintas facultades e departamentos, chegando a conclusión de que a Universidade da Coruña posúe unha maior tradición e experiencia neste eido, como pode acreditar a existencia dunha serie de estudos específicos, que confiren a maior capacidade de traballo xunto co coñecemento da poboación á que vai dirixida a normativa.*

Os responsables do desenvolvemento do traballo por parte da UDC, serán os Profesores da Área de Dereito Administrativo, Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Victoria de Dios



Vieitez y Almudena Fernández Carballal. O traballo consistirá nun proxecto de investigación e estudo das diferentes lexislacións en materia de servizos sociais existentes na Unión Europea e nas distintas Comunidades autónomas do estado español, para a preparación e redacción dun novo marco normativo no ámbito dos Servizos Sociais.

O Director do desenvolvemento do traballo por parte da UDC, será o Prof. Dr. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de A Coruña, e as coordinadoras, con categoría de investigadoras principais, serán as profesoras Victoria de Dios Vieitez e Almudena Fernandez Carballal, Profesoras Titulares de Dereito Administrativo de dita institución.



Serán as ditas persoas as que deberán supervisar o proxecto e coordinar aos grupos de investigadores e investigadoras dos eidos e titulacións que se recollen no Expoñen quinto do presente convenio, aos efectos de obter un traballo da mellor calidade posible

TERCEIRA.- Compromisos da Consellería de Política Social

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade comprométese a:

- Facilitarlle á Universidade o acceso a toda a información relevante relativa traballos a desenvolver
- Coordinar a participación das restantes unidades da Consellería e a asistencia a reunións de traballo cando sexa procedente, todo o anterior coa finalidade de obter a información precisa para o desenvolvemento do programa.
- Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula sexta.
- Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.

CUARTA.- Compromisos da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña, a través da Área de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito e, concretamente, dos Profesores Doctores Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Victoria de Dios Vietez y Almudena Fernández Carballal, comprométese a:

Executar o programa obxecto deste convenio de conformidade co establecido nas súas cláusulas, e en particular:

- Seleccionar os/as profesionais que levarán a cabo o programa,
- Emitir un informe ao final do programa e con carácter previo a calquera dos pagamentos da colaboración da Consellería que solicite a Universidade.
- Dentro do prazo de duración do presente convenio (e no seu caso da prórroga que se formalice) levar a cabo un seguimento posterior e e apoio á Consellería das dúbidas ou cuestións que puideran plantexarse.
- Destinar e aplicar a achega da Consellería de Política Social para a realización do proxecto deste convenio.
- Facer constar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade (Consellería de Política Social) que figurará en calquera material promocional e divulgativo vencellados aos actos do programa.



QUINTA.- Persoal para o desenvolvemento do programa

Para o desenvolvemento do programa, o director e as coordinadores do mesmo, coordinarán e supervisarán os equipos que desenvolverán o programa, que poderán formar parte das distintas facultades e centros integrados na Universidade da Coruña, en función da materia obxecto do traballo en cada momento e da formación que a dita materia requirise.

Os/as citados/as profesionais deberán asumir o compromiso de levar a cabo o programa segundo o procedemento contemplados no Anexo I e segundo as instrucións do departamento que teña atribuída a dirección do programa, e respectar

en todo caso as directrices que xurdan das reunións da comisión de seguimento.

Durante a vixencia do convenio (ou das súas prórrogas, se é o caso) los responsables del proyecto podrán incrementar, reducir ou substituír os equipos que formen parte do programa, atendendo ás necesidades postas de manifesto pola Consellería de Política Social, e sempre logo da aprobación por parte desta.


A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- Compromisos económicos e forma de pagamento e xustificación

A Universidade da Coruña percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins, unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de **60.000 €** para o ano 2017.

A xestión económica e administrativa do presente convenio levarase a cabo no marco do artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades a través da Fundación Universidad de A Coruña. A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA é una institución sen ánimo de lucro que ten suscrito coa UNIVERSIDAD DA CORUÑA un convenio de colaboración para a xestión, administración e organización, entre outros asuntos, de Contratos e Convenios de Investigación e Asistencias Técnicas, dos “másters”, cursos de posgrao, de especialización e, en xeneral, cursos non encuadrados nos plans oficiais de estudos, así como ciclos de conferencias, xornadas, simposios e análogos.

A factura ou facturas a emitir pola compensación económicas dos custos nos que se incurra pola execución dos traballos fixados no convenio serán expedidas pola Fundación Universidade da Coruña polas cantidades que correspondan, non podendo superar en ningún caso o importe indicado nesta cláusula do convenio.



Os gastos devengados polo proxecto estarán emitidos polos diferentes provedores ou colaboradores cos datos fiscais da Fundación Universidade da Coruña, quedando en posesión da Fundación UDC os orixinais do gasto, e a disposición da entidade financiadora por se foran solicitados.

Os pagamentos realizaranse na conta corrente aberta pola Fundación Universidad de A Coruña na Oficina Principal de A Banca Coruña c/c ES2080/0000/74/3040159702

Para estes efectos, a entidade presentará a seguinte documentación:

1.- a factura correspondente aos servizos prestados durante o período, a nome da Consellería de Política Social

2.- informe no que se recollan as actividades realizadas, especificando cada actuación realizada e especificando todas as accións de análise normativo, formación e supervisión levadas a cabo no período de tempo que comprende o informe.

3.- Presentación das facturas e da documentación adicional.

a. A Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

O resto das facturas poderán presentarse a través do propio SEF ou ante un rexistro administrativo nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

O SEF esta dispoñible para todos os provedores, e acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

- <https://factura.conselleriadefacenda.es>



No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

- Receptor: S1511001H, Xunta de Galicia.
- Destinatario:
- Consellería/Organismo: Consellería de Política Social.
- Órgano de contratación: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Unidade de contratación: Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e prevención da Dependencia.

Código interno SEF: 2144

Oficina contable: A12009376

Órgano xestor: A12017400

Unidade tramitadora: GE0011324

O custo deste convenio imputarase á partida orzamentaria 2017.12.04.312D.640.02 da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na que existe crédito axeitado e suficiente. A devandita aportación económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

SÉTIMA.- Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta formada por un/unha representante da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e dous/dúas representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e tres representantes da **Universidade da Coruña directamente vinculados o programa** sendo posible a asistencia das persoas que sexa preciso para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.



A esta comisión serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

O dito órgano colexiado rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

OITAVA- Vixencia e posibles prórrogas

O presente convenio surtirá efecto desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2017.

Poderá prorrogarse por un período de un ano o convenio mediante acordo expreso de prórroga subscrito antes do fin do período de vixencia ou de calquera das súas posibles prórrogas.



NOVENA.- Modificacións

Cando xurdan circunstancias concretas sobrevidas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións técnicas ou económicas establecidas no convenio de colaboración, poderá formalizarse unha modificación do mesmo, logo dos trámites legais esixidos.

DÉCIMA.- Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido no Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.



A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as incidencias ou dúbidas que poidan xurdir na súa execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.



DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A renuncia de calquera das partes
- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- O mutuo acordo das partes.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade

A Universidade da Coruña comprométese a subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.


As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, a entidade asinante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos aos convenios asinados no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a consellería competente en materia de avaliación e reforma ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervincentes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**POLA CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL**
O conselleiro
José Manuel Rey Varela




POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
O Reitor
Julio Abalde Alonso

